

Adaptación da concreción curricular de Centro CPR. Plurilingüe Emma para adecuala aos cambios normativos da avaliación, promoción e titulación (orde do 25 de xaneiro do 2022). Modificacións ao apartado 3.

3. AVALIACIÓN DO ALUMNADO E CRITERIOS DE PROMOCIÓN E TITULACIÓN

3.1 Carácter da avaliación

1. A avaliación ten como finalidade a valoración dos procesos e dos resultados de aprendizaxe do alumnado, e do exercicio da práctica docente.

2. O profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas súas programacións docentes.(anexo I).

3. Co fin de garantir o dereito do alumnado a unha avaliación obxectiva e a que a súa dedicación, o seu esforzo e o seu rendemento sexan valorados e recoñecidos con obxectividade, estarase ao disposto na Orde do 2 de marzo de 2021 pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación e se establece o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisións de promoción e obtención do título académico que corresponda, en educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato.(publicarese na páxina web do centro e quedará en Secretaría anexo I dispoñible para familias)

4. Aplicaranse as medidas máis adecuadas para que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás circunstancias do alumnado con necesidade específica de apoio educativo, de acordo coa Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. Estas adaptacións en ningún caso se terán en conta para minorar as cualificacións obtidas polo alumnado.

5. Para permitir a valoración obxectiva de todo o alumnado promoverase o uso xeneralizado de instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe.

3. Cando as circunstancias persoais da alumna ou do alumno con necesidades educativas especiais o aconsellen, para a consecución dos obxectivos do ensino básico, este alumnado poderá prolongar un curso adicional a súa escolarización. Estas circunstancias poderán ser permanentes ou transitorias e deberán estar suficientemente acreditadas polos servizos de orientación.

3.2 Educación Primaria.

3.2.1 Disposicións xerais.

1. A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e do logro dos obxectivos da etapa os criterios de avaliación e, de ser o caso, os estándares de aprendizaxe que se recollen no Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Os referentes da avaliación no caso do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirle a promoción ao curso ou á etapa seguinte.

3. A avaliación do alumnado será continua e global, e terá en conta o seu progreso no conxunto dos procesos de aprendizaxe.

4. No contexto deste proceso de avaliación continua, cando o progreso dunha alumna ou dun alumno non sexa o axeitado estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, con especial seguimento da situación do alumnado con necesidades educativas especiais, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo.

5. A avaliación das competencias clave está integrada na avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado, na medida en que ser competente supón mobilizar os coñecementos, as destrezas, as actitudes e os valores para dar resposta ás situacións expostas, dotar de funcionalidade as aprendizaxes e aplicar o que se aprende desde unha formulación integradora.

6. Na valoración do desenvolvemento das competencias do alumnado teranse en consideración, de ser o caso, os estándares de aprendizaxe das diferentes áreas que se relacionan cunha mesma competencia, os cales conforman o perfil desa competencia.

3.2.2 Promoción

1. Ao finalizar os cursos segundo, cuarto e sexto da etapa, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de xeito colexiado, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor.

Na hora da toma de decisións sobre a promoción o criterio non é o número de materias suspensas senón o nivel de adquisición das competencias clave e obxectivos de ciclo. Non se trata dunha avaliación dividida en compartimentos estancos por materias.

A promoción no resto de cursos da etapa será automática.

2. O alumnado que acade a promoción de curso con algunha área con cualificación negativa recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzara o curso anterior.

3. O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso.

A permanencia no mesmo curso considerárase unha medida de carácter excepcional e tomarase se, tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o desfasamento curricular ou as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno, o equipo docente considera que a permanencia un ano máis no mesmo curso é a medida máis adecuada para favorecer o seu desenvolvemento. Nese caso, o equipo docente organizará un plan específico de reforzo para que, durante ese curso, a alumna ou o alumno poda alcanzar o grao de adquisición das competencias correspondentes. Nas programacións reflexaranse os obxectivos mínimos que deberán recollerese neste plan ademais dos criterios e instrumentos de avaliación. (anexo II.b)

Esta decisión só poderá adoptarse unha vez durante a etapa, oídas as nais, os pais ou as persoas que exerzan a tutoría legal, e terá, en todo caso, carácter excepcional.

4. Para a elaboración e o seguimento do plan específico de reforzo, a que se refire o punto anterior, seguirase o establecido no artigo 50 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

5. Ao finalizar os cursos segundo e cuarto da etapa o profesorado titor emitirá un informe sobre o grao de adquisición das competencias de cada alumna ou alumno, indicando, de ser o caso, as medidas de reforzo que se deben prever no ciclo seguinte.

6. Co fin de garantir a continuidade do proceso de formación do alumnado, cada alumna ou alumno disporá ao finalizar a etapa dun informe elaborado pola súa titora ou polo seu titor sobre a súa evolución e o grao de adquisición das competencias desenvolvidas. No caso de alumnado con necesidades educativas especiais, o informe deberá reflectir as adaptacións e medidas adoptadas, e a súa necesidade de continuidade na seguinte etapa escolar.

3.3 Educación Secundaria Obligatoria

3.3.1 Principios básicos Avaliación

1. A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes para a comprobación do grao de adquisición das competencias e do logro dos obxectivos da etapa os criterios de avaliación e, de ser o caso, os estándares de aprendizaxe que se recollen no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Os referentes da avaliación no caso do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirle a promoción ao seguinte curso ou a obtención do título de graduado ou graduada en educación secundaria obrigatoria.

3. A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado de educación secundaria obrigatoria será continua, formativa e integradora.

3. No contexto do proceso de avaliación continua, cando o progreso dunha alumna ou dun alumno non sexa o adecuado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, con especial seguimento da situación do alumnado con necesidades educativas especiais, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo. (anexo II.a).

5. A avaliación das aprendizaxes das alumnas e dos alumnos terá un carácter formativo e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe.

6. A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado deberá ser integradora e deberán terse en conta como referentes últimos, desde todas e cada unha das materias ou ámbitos, a consecución dos obxectivos establecidos para a etapa e o desenvolvemento das competencias correspondentes. O carácter integrador da avaliación non impedirá que o profesorado realice de xeito diferenciado a avaliación de cada materia ou ámbito tendo en conta os seus criterios de avaliación e, de ser o caso, os estándares de aprendizaxe de cada unha delas.

7. Ao longo de cada curso realizaranse para cada grupo tres sesións de avaliación parciais. Así mesmo, farase o seguimento da recuperación das materias ou dos ámbitos pendentes, se for o caso. A derradeira destas tres avaliacións realizarase nas datas que se determinen na norma que establece o calendario escolar para cada curso.

8. O período abranguido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final dedicarase a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría. Nese sentido, para o alumnado que teña materias ou ámbitos con partes sen superar logo de realizada a terceira avaliación parcial, o equipo docente realizará un breve

informe de avaliación individualizado que debe servir de base para o deseño das correspondentes actividades de recuperación. (Facilitado pola Consellería de Educación- Anexo V sobre actividades de recuperación).

A cualificación definitiva das materias ou dos ámbitos farase efectiva na avaliación final de curso.

9. **Na avaliación final** de cada curso realizarase unha valoración das competencias clave. Os resultados expresaranse nos termos de insuficiente (IN), para as cualificacións negativas (sendo estas: 0,1,2,3,4), e suficiente (SU) sendo 5, ben (BE) sendo 6, notable (NT) sendo 7 e 8 ou sobresaliente (SB) sendo 9 e 10, para as cualificacións positivas.

10. A persoa titora recollerá en acta, para cada sesión de avaliación, as decisións e os acordos acadados referidos a cada alumna e alumno, e ao grupo no seu conxunto. (anexo IV).

11. As decisións adoptadas polo equipo docente irán referidas á promoción e á titulación do alumnado, ás medidas de atención á diversidade e a todas as que incidan no proceso educativo do alumnado. De non existir unanimidade no equipo docente, a toma de decisións requirirá o acordo favorable da maioría simple dos seus membros. Todos os membros do equipo docente emitirán o seu voto non sendo válida a abstención.

3.3.2 Promoción

1. Ao finalizar cada un dos cursos da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa promoción. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo á consecución dos obxectivos, ao grao de adquisición das competencias establecidas e á valoración das medidas que favorezan o progreso da alumna ou do alumno, e tendo en conta os criterios de promoción.

2. Para os efectos do disposto no punto anterior, acadará a promoción dun curso a outro o alumnado que:

- o Superase as materias ou os ámbitos cursados ou teña avaliación negativa nunha ou dúas materias, considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores.
- o Ademais de nos casos anteriores, o equipo docente poderá decidir a promoción dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén **todas** as condicións seguintes:

a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.

b) Que o equipo docente considere que a natureza das materias non superadas lle permite seguir con éxito o curso seguinte.

c) Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación. (Se se observa abandono dalgunha materia a valoración será negativa neste punto: probas en branco, tarefas sen entregar, ...).

d) Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.

3. O alumnado que acade a promoción de curso con materias sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias, destinado á súa recuperación e á súa superación. (anexo II.a)

4. Para a elaboración e o seguimento do plan de reforzo a que se refire o punto anterior, seguirase o establecido no artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

5. O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso.

A permanencia no mesmo curso considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase logo de esgotar as medidas ordinarias de reforzo e apoio para superar as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno. En todo caso, a permanencia no mesmo curso planificarase de maneira que as condicións curriculares se adapten ás necesidades do alumnado e estean orientadas á superación das dificultades detectadas, así como ao avance e ao afondamento nas aprendizaxes xa adquiridas. Estas condicións recolleranse nun **plan específico personalizado** con cantas medidas se consideren adecuadas para este alumnado. (anexo II.b).

6. Para a elaboración e o seguimento do plan específico personalizado a que se refire o punto anterior, seguirase o establecido no artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

7. En todo caso, a alumna ou o alumno poderá permanecer no mesmo curso unha soa vez, e dúas veces como máximo ao longo do ensino obrigatorio. De xeito excepcional poderase permanecer un ano máis no cuarto curso, aínda que se esgotase o máximo de permanencia, sempre que o equipo docente considere que esta medida favorece a adquisición das competencias establecidas para a etapa. Neste caso poderase prolongar un ano o límite de idade a que se refire o artigo 4.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

3.3.3 Título de graduado en educación secundaria obrigatoria

1. Ao finalizar o cuarto curso da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa titulación. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo á adquisición das competencias establecidas e á consecución dos obxectivos da etapa, sen prexuízo do establecido no artigo 7.2 desta orde, e tendo en conta os criterios de titulación.

2. Para os efectos do disposto no punto anterior, obterá o título de graduado en educación secundaria obrigatoria o alumnado que:

- Supere todas as materias ou ámbitos cursados.
- Ademais de no caso anterior, o equipo docente poderá decidir a obtención do título por parte dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes sempre:
 - a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
 - b) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno adquirise as competencias establecidas.
 - c) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno alcanzase os obxectivos da etapa.

3. O título de graduado en educación secundaria obrigatoria será único e expedirase sen cualificación.

4. As alumnas e os alumnos recibirán, ao concluíren a súa escolarización na educación secundaria obrigatoria, unha certificación oficial en que constará o número de anos cursados e o nivel de adquisición das competencias da etapa.

5. O alumnado que, logo de finalizado o proceso de avaliación do cuarto curso de educación secundaria obrigatoria, non obteña o título e supere os límites de idade establecidos no artigo 4.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, tendo en conta así mesmo a prolongación excepcional da permanencia na etapa que prevé a propia lei no artigo 28.5, poderao facer nos dous cursos seguintes a través da realización de probas ou actividades personalizadas extraordinarias das materias que non superase, de acordo co currículo establecido e coa organización e instrucións que dispoña a Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional.

3.3.4 Documentos de avaliación

Ata a implantación das modificacións introducidas pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, no currículo, na organización e nos obxectivos das ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato, os documentos oficiais de avaliación, así como o procedemento de expresión dos resultados de avaliación axustaranse ao previsto, para a educación primaria, no artigo 14 do Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, e para a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato, na disposición adicional quinta do Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, aínda que se terán en conta as condicións que se establecen a seguir:

a) As actas de avaliación dos diferentes cursos de educación primaria e secundaria obrigatoria pecharanse ao termo do período lectivo ordinario. As actas de bacharelato pecharanse ao final do período lectivo despois da convocatoria ordinaria, e logo da convocatoria extraordinaria.

b) Igualmente, no historial académico de educación primaria e educación secundaria obrigatoria consignaranse os resultados da avaliación que terá lugar ao finalizar o curso, sen distinción de convocatorias.

c) As seguintes medidas curriculares e organizativas aplicadas reflectiranse nos documentos oficiais de avaliación do alumnado, respectivamente, coas seguintes iniciais:

- RE: reforzo educativo.
- ACS: adaptación curricular.
- EC: enriquecemento curricular.
- AF: agrupamento flexible.

3.3.5 Matrícula de honra

As alumnas e os alumnos que, logo da avaliación final do cuarto curso, obtivesen unha nota media do cuarto curso igual ou superior a nove puntos poderán recibir a mención de matrícula de honra. A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro docente no cuarto curso.

En todo caso, cando no centro docente o total de alumnado matriculado no cuarto curso de educación secundaria obrigatoria sexa inferior a vinte, poderá concederse unha mención de matrícula de honra.

Alumnado	Número máximo de matrículas de honra
De 0 a 29	1
De 30 a 40	2
De 50 a 69	3

2. A obtención da mención de matrícula de honra será consignada nos documentos de avaliación da alumna ou do alumno.

3. Os criterios para a concesión das mencións de matrícula de honra ao alumnado serán previamente acordados e establecidos na concreción curricular do centro, e deben ser obxectivos e públicos.

Sendo estes:

- En caso de empate terase en conta a maior nota media en toda a etapa.

3.4 INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

Tendo en conta as características básicas da avaliación das etapas de Primaria e ESO:

- Etapa Primaria, continua e global
- ESO: Continua, formativa e integradora

Os instrumentos de avaliación deberán permitir realizar a avaliación segundo estas características:

Continua: rexistros ao longo do proceso de ensinanza-aprendizaxe e non só en determinados momentos e ademais valorar o nivel de adquisición de competencias no conxunto das áreas do alumnado.

Ademais estes instrumentos facilitarán a detección de que o progreso do alumnado non é o axeitado para así poder establecer medidas de reforzo tan pronto como se detecten as dificultades que estarán dirixidas á adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo.

De igual xeito tamén permitirán aplicar medidas de enriquecemento co fin de acadar as competencias esixidas no maior grao posible. (incluir en cada programación).

Global: Non se trata dunha avaliación estanca dividida por compartimentos ou materias senón que debe valorase o nivel global na adquisición das competencias e obxectivos.

Formativa: os instrumentos deben ser capaz de mellorar os procesos de ensinanza-aprendizaxe.

Integradora: en todas as materias deberase avaliar non só as competencias específicas de cada área senón tamén as competencias clave.

Ademais, os instrumentos, tempos, modos e apoios deben asegurar unha correcta avaliación do alumnado de acordo coas súas necesidades así como as adaptación metodolóxicas que se estableceran no seu caso.

Algúns instrumentos:

o **Realización das actividades propostas como tarefa de casa.**

Xa que segundo a nosa metodoloxía o profesor é guía da aprendizaxe e propiciador de entornos que faciliten a aprendizaxe os deberes ou tarefas para casa só se poderán prescribir se cumpren os seguintes requisitos:

- Adecúanse ás necesidades dos alumnos. Non son para todos igual.
- Propician a aprendizaxe significativa, fomentar o traballo colaborativo, desenvolver competencias clave, resultar asumibles e desafiantes.
- O feedback significativo e motivador.
- Necesaria coordinación entre los profesores para non sobrecargar (folla de rexistro de tarefas por aula).

o **Análise das producións dos alumnos/as:** Os profesores presentarán nas súas programacións os criterios para avaliar estas producións (escritas e orais) con **Rúbrica de avaliación de competencias e contidos.**

o **Creación do portfolio** (portfolios dixitais ou non): a finalidade do portfolio é formativa e formadora.

Características portfolio:

- *Incluir folla inicial de compromisos e/ou unha declaración de intencións ou mapa de contidos para poder situarse en todo momento.*

- *Ter unha estrutura flexible e consensuada entre docente e alumno/a.*
- *Incluir materiais que evidencien o proceso de aprendizaxe: mapas, esquemas, borradores, ...*
- *Incluir unha selección de tarefas avaliadas e revisadas polo docente.*
- *Incluir reflexións do propio proceso de aprendizaxe: diario de aula, auto e coavaliación, comentarios de calidade...*
- *Conter materiais de clausura que respondan a ¿Qué aprendín? E qué podo mellorar?)*

- o **Dossier ou caderno de traballo:** a súa finalidade é valorativa e calificadora que ten reflexo nunha rúbrica:
- o **Diarios de aula (observación sistemática):** recollida das incidencias máis relevantes que teñan lugar durante o proceso de ensinanza-aprendizaxe na aula. Táboas de observación (intervencións na aula, participación, actitude ante a materia, forma de traballar en equipo...)
- o **Realización de probas específicas:** Nas probas escritas e orais as preguntas deben estar puntuadas e os alumnos saberán os resultados das probas con antelación suficiente para poder afrontar a seguinte. O profesor debe indicar o tempo de duración do exame. Ademais todos os alumnos poderán ver as súas probas así como os seus pais ou titores legais. Os pais/nais e titores legais se o consideran poden solicitar unha copia do exame a titora do curso que o notificará ao profesor/a da materia. O formulario de solicitude será facilitado pola titora ou na secretaría do centro. Os profesores deixaran os exames no centro para a súa custodia.
- o Os alumnos que non asistan ás probas deberán presentar causa xustificada para ser repetida.

Considerándose xustificadas as seguintes faltas:

1. Con carácter xeral, teñen a consideración de xustificables as seguintes faltas de asistencia a clase do alumnado:

a) Citacións que impliquen un deber inescusable, sendo xustificable o tempo necesario.

b) Morte ou enfermidade grave dun familiar de primeiro ou segundo grao.

c) Tramitación de documentos oficiais, presentación a exames e probas oficiais ou similares, sendo xustificable o tempo necesario.

d) *Indisposicións, podendo ser xustificables ata un máximo de 2 días lectivos.*

e) *Enfermidade, sendo xustificable o tempo de prescrición médica.*

Os alumnos que cheguen con retraso a unha proba non contarán con tempo extra para facela.

- o **Cuestionarios de autoavaliación:** consiste nun rexistro da aprendizaxe do alumno/a e a súa reflexión sobre esa tarefa.
- o **KPSI:** Instrumento de avaliación inicial (knowledge and Prior study Inventory). Avalía pero non califica. permite efectuar de xeito rápido e fácil unha avaliación inicial sobre algún contido que se ten previsto ensinar permite unha avaliación inicial competencial baseada nas competencias e saberes do curso anterior así como ao inicio e remate dunha unidade didáctica. Ademais facilita ao alumno coñecer en qué momento do aprendizaxe se atopa e ao profesor tomar decisións acerca do contido e adquisición do mesmo. Constrúese a base de preguntas e afirmacións sobre o que se sabe facer. É de doada aplicación na aula e pode aplicarse en calquera curso e materia.
- o **Diario de observación:**

Sirve para seguir a avaliación do alumno e fomentar o feedback e a mellora continua. Avalía non califica.

- o **Emprego aplicacións dixitais.**
 - Evitarase o emprego de datos persoais nestas aplicacións. Empregando o número da clase en lugar do nome e apelidos.
 - No caso de manexar datos como nome, apelidos, dirección familiar debe solicitarse consentimento familiar.
 - Se se emprega en dispositivo persoal estas aplicacións e demais datos deben estar debidamente protexidos.

Toda a documentación, incluídas copias, que obre en poder do profesorado e que conteña datos persoais, deberá estar convenientemente gardada (en armarios ou taquillas) e sempre fóra da vista do alumnado e das familias. Na custodia de documentos únicos, como poden ser actas de avaliación, xustificantes de ausencia etc. haberá que seguir as recomendacións xerais establecidas e incorporar esta documentación ao expediente particular de cada alumno ou alumna.

Folla de cotexo. Valora o nivel de logro competencial dunha tarefa (por exemplo a competencia dixital). Avalia e califica
Escala de avaliación. Auto e coavaliación, como o traballo en equipo (por exemplo: competencia aprender a aprender). Avalia non califica

Diana de avaliación

Sistema visual, rápido e sinxelo. É unha representación gráfica da avaliación que nos levará a unha reflexión a partir dunha imaxe. Trátase de círculos concéntricos que de dentro hacia fóra indican o nivel de cumprimento de cada ún dos ítems incluídos.

Outros instrumentos que se irán valorando nas diferentes reunións da comisión e departamentos.

3.5 SESIÓN DE AVALIACIÓN

3.5.1 Número e datas das sesións de avaliación

A periodicidade das sesións de avaliación serán fixadas, a proposta do Equipo Directivo, pola Comisión de Coordinación Pedagóxica quen fará chegar para a súa aprobación ao Claustro de Profesores e o Consello Escolar. O calendario de sesións deberá ceñirse ao establecido nos seguintes criterios:

1. Aproximadamente un mes despois de iniciado o curso escolar realizarase unha sesión de avaliación inicial dos alumnos. Esta avaliación non só se referirá a aspectos curriculares de cada materia senón que incluírá os informes individuais preexistentes que revistan interese para a vida escolar, e os datos obtidos polos propios titores e profesores sobre a situación dende que o alumno inicia os novos aprendizaxes. Para cada un dos cursos e grupos das diferentes etapas educativas presentes no centro levaranse a cabo tres sesións de avaliación, unha por trimestre, sen contar a avaliación inicial.
2. Sen perxuício do sinalado no punto anterior poderanse realizar cantas reunións do equipo docente dun curso se estimen oportunas polo titor, o propio equipo docente, o Departamento de Orientación, a Xefatura de Estudos ou a Dirección, con vistas ao seguimento e valoración máis efectivos do proceso de ensinanza- aprendizaxe.
3. A convocatoria desta reunións extraordinarias será efectuada pola Xefatura de Estudos que recollerá en acta os acordos acadados.
4. O calendario e horario concreto das sesións de avaliación será fixado polo Xefe de Estudos. As convocatorias das sesións publicaranse no calendario virtual e colgarase na sala de profesores na páxina Web do centro .
5. Ao longo de cada curso para a ESO realizaranse para cada grupo tres sesións de avaliación parciais e unha avaliación final no mes de xuño. Así mesmo, farase o seguimento da recuperación das materias ou dos ámbitos pendentes, se for o caso (no mes de maio). A derradeira destas tres avaliacións realizarase nas datas que se determinen na norma que estableza o calendario escolar para cada curso. (anexo II sobre pendentes). Na etapa de primaria realizaranse dúas sesións de avaliación parcial e una final en xuño.

3.5.2 Normas relativas ás sesións de avaliación.

- En cada unha das sesións de avaliación estará presente un membro do Departamento de Orientación (Xefe de Departamento ou PT). Tamén estará presente polo menos un dos membros do Equipo Directivo (Director, Xefe de Estudos). A asistencia a ditas sesións é obrigatoria para todos os profesores do respectivo grupo de alumnos; en caso de que un profesor non poida estar presente por algunha razón claramente motivada, comunicarao por anticipado á Xefatura de Estudos ou Director.
- Previamente o titor ou titora comprobará que están todas as calificacións na táboa virtual. Nestas táboas recolleranse tamén outros datos de interese para a sesión de avaliación (idade, repeticións, notas media, nº suspensos, aprobados, medidas ordinarias, exencións...). No caso de materias pendentes os titor tamén debe recoller nunha táboa anexa as materias pendentes do alumno.
No caso das recuperacións indicarse sinalando en vermello a nota recuperada da primeira: 5/4 No caso de non ser recuperada non se indicará.
- Durante a sesión recollerá acta da reunión (formulario Google) así como das ausencias. A acta será enviada á xefatura que a arquivará dixitalmente e a imprimirá entregando unha copia ao titor/a.
- Comentaré seguindo o formulario-acta as calificacións, problemas e solicitaré ao equipo educativo (que poderá tomar a palabra) a toma de decisións necesarias para resolver coordinadamente os posibles conflitos e informará das circunstancias aos alumnos e familias.
- O orde de intervención dos cursos será rotativo. Se ben na primeira avaliación será ascendente na segunda será descendente e así sucesivamente.
- Nos casos de alumnado con necesidades educativas especiais as calificacións son competencia do profesor/a de área. Cando reciban apoio do profesor/a de PT e AL a calificación poderá ser coordinada.
- No caso da avaliación de alumnado que presenta necesidades específicas de apoio educativo diferente ás ordinarias se realizará atendendo aos referentes de avaliación establecidos.
- Sempre que sexa necesario adoptaranse
- A avaliación do alumnado que presenta necesidades educativas especiais, naquelas materias que foran obxecto de adaptación curricular significativa, efectuarase en función dos criterios de avaliación reflexados na propia adaptación. As calificacións expresaranse nos mesmos termos que os empregados para o resto do alumnado indicando na aplicación que a materia é obxecto de adaptación significativa.
- Nas sesións de avaliación farase seguimento dos plans de reforzo de alumnos con materias pendentes así como dos alumnos que permanezan un ano máis no mesmo curso.
- Nas sesións de avaliación de cada trimestre os titores recabarán información sobre a evolución dos alumnos nas materias pendentes a fin de detectar posibles riscos de descoido ou abandono. O departamento de orientación xunto co titor activará o plan de actuación para o alumnado repetidor e con pendentes. A atención e seguimento deste alumnado corresponde ao profesor da materia do curso ao que promocionou se se trata dunha materia que se imparte nese nivel. En caso contrario, corresponde ao Xefe do Departamento.

- As decisións tomadas polo equipo docente do grupo na sesión de avaliación final de todos os cursos e grupos terán a validez que a lexislación vixente lles reconece. E a tales efectos deberán aterse todos os seus membros. As decisións tomadas polo equipo docente do grupo nas sesións de avaliación terá carácter confidencial, polo tanto, deberase evitar a difusión de calquera información que puidera afectar ao dereito da intimidade das persoas. A decisión de promoción será adoptada de xeito colexiado. No caso da Primaria tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor e na ESO de non existir unanimidade no equipo docente, a toma de decisións requirirá o acordo favorable da maioría simple dos seus membros. Todos os membros do equipo docente emitirán o seu voto non sendo válida a abstención.

- O titor cumprimentará o boletín informativo da plataforma de XADE que será publicado o día marcado polo claustro a principios de curso. Aqueles que necesiten o boletín impreso deberán solicitalo ao titor/a con antelación para ser entregados na data prevista. Neste boletín aparecerán as calificacións das materias, e no seu caso, das competencias e dos obxectivos acadados, as faltas de asistencia correspondentes ao trimestre (que os titores poden ir cumprimentando diariamente ao longo do trimestre), as materias pendentes recuperadas así como outras observacións que o titor crea convinte en cada caso manifestar recollerase no apartado de observacións. Aconséllanse tamén os comentarios positivos e motivadores para personalizar o boletín.

En canto as competencias hai que sinalar que só se cubrirán en xuño unha vez acadados os resultados da avaliación final de xuño.

- O modelos de boletíns de calificación para os alumnos da etapa de Primaria e de Secundaria veñen establecidos pola plataforma XADE da Consellería de Educación da Xunta de Galicia. No caso da etapa Infantil o modelo será deseñado polo equipo desta etapa e aprobado polo Claustro. (anexo VII).

- Independentemente dos boletíns os titores organizarán reunións trimestrais coas familias, especialmente coas familias dos alumnos onde se detectaron dificultades, sobre a avaliación sempre centrándose no positivo e no evolutivo recordando que aprender é un proceso e os alumnos están en diferentes fases de adquisición. "Nos cursos máis elevados é importante aportar propostas de mellora e consellos."

- Os alumnos poderán realizar no mes de xuño unha proba final daquelas materias que non superaran na avaliación parcial de xuño. A realización da proba levarase a cabo nos dous últimos días lectivos de xuño.

- Ao remate da avaliación final, o profesor titor no boletín para os pais informará sobre o grao de consecución dos obxectivos e a adquisición das competencias. Igualmente constará a decisión de promoción ou titulación, no seu caso e farase referencia a aqueles aspectos que o alumno deberá mellorar así como as medidas de recuperación que precise. No caso da ESO

- Os alumnos participantes de seccións bilingües levarán tamén un certificado da mesma.

- Na etapa de Primaria ao finalizar os cursos segundo e cuarto da etapa o profesorado titor emitirá un informe sobre o grao de adquisición das competencias

de cada alumna ou alumno, indicando, de ser o caso, as medidas de reforzo que se deben prever no ciclo seguinte. (anexo III).

- Na ESO na terceira avaliación parcial o equipo docente realizará un breve informe de avaliación individualizado (facilitado pola Consellería) que servirá de base para o deseño das correspondentes actividades de recuperación. Este informe debe ser enviado ao alumnado e ás familias garantindo que todos os implicados teñan información dos estándares non superados de cada materia e as actividades de recuperación propostas para poder afrontar con máis garantías o período de recuperación.

Ademais ao finalizar o segundo curso entregaráselles aos pais, ás nais ou ás persoas que teñan a tutoría legal de cada alumna ou alumno un **consello orientador (anexo VI)**. Este consello incluírá un informe sobre o grao de logro dos obxectivos e de adquisición das competencias correspondentes, así como unha proposta a pais, nais ou titores ou titoras legais, ou, de ser o caso, á alumna ou ao alumno, da opción que se considere máis adecuada para continuar a súa formación, que poderá incluír a incorporación a un programa de diversificación curricular ou a un ciclo formativo de grao básico.

2. Igualmente, ao finalizar a etapa ou, de ser o caso, ao concluír a súa escolarización, todo o alumnado recibirá un consello orientador individualizado que incluírá unha proposta sobre a opción ou as opcións académicas, formativas ou profesionais que se consideran máis convenientes. Este consello orientador terá por obxecto que todo o alumnado atope unha opción adecuada para o seu futuro formativo.

3. Ademais de nos casos anteriores, cando o equipo docente considere conveniente propor a pais, nais, titores ou titoras legais, ou á alumna ou ao alumno a súa incorporación a un ciclo formativo de grao básico ou a un programa de diversificación curricular, ou ao primeiro curso dun programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento, nalgún outro curso en que resulte de aplicación, a devandita proposta formularase a través dun consello orientador que se emitirá con esa única finalidade.

4. Este consello orientador elaboraráo o profesorado titor, logo da información recollida na sesión de avaliación final e co asesoramento do departamento de orientación. Levará a sinatura do profesorado titor e da persoa que exerza a xefatura do departamento de orientación, e o visto e prace da dirección do centro docente. O consello orientador incluírase no expediente da alumna ou do alumno.

ANEXOS

Anexo I. Indicadores de logro

Anexo II. Sobre plans reforzo materias non superadas e plan específico permanencia un ano máis no mesmo curso

- Anexo II.a. Plan reforzo materias non superadas
- Anexo II.b. Plan específico

Anexo III. Informes individualizados 2º, 4º e 6º da EP.

Anexo IV. Formulario Google Acta sesión avaliación.

Anexo V. Actividades recuperación reforzo xuño

Anexo VI. Consello Orientador

Anexo VII. Solicitud de revisión e copia de proba escrita

Anexo VIII. Boletín Infantil

